



Expediente núm.: 2021/EGURB/000004

Memoria Xustificativa

Procedemento: Contrato de Servizos por Procedemento Aberto Simplificado

Asunto: TRABALLOS PARA A REALIZACIÓN DO “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS)” NO MUNICIPIO DE OLEIROS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

O Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) de Oleiros debe asegurar o equilibrio entre as necesidades de mobilidade e as de accesibilidade da poboación, favorecendo a protección do medio ambiente e impulsando o desenvolvemento económico e a inclusión social.

2. Descrición da situación actual

Para mellorar a mobilidade sostible, o Concello de Oleiros marcouse como prioridade, entre outras, a mellora da mobilidade periférica, o incremento do uso do transporte público, a diminución do uso de vehículo de catro rodas privado para satisfacer necesidades persoais e para resolver a distancia entre núcleos de poboación, potenciar o uso da bicicleta e a mobilidade urbana peonil.

Descrito o anterior, expónse a necesidade de dispoñer dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible, que analice e valore a implantación de formas de desprazamento máis sostible no ámbito municipal.

3. Obxecto do contrato

O obxecto da presente contratación é o de elaborar un Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) para o Concello de Oleiros, o cal se levará a cabo en dúas fases:

- 1ª fase: análise e diagnóstico.
- 2ª fase: elaboración do Plan de Mobilidade.

4. Análise Técnica

a. Consideracións técnicas e requirimentos

Todas as especificacións técnicas están descritas no Prego de Prescricións Técnicas, onde se indican os aspectos a tratar na análise e elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible.

5. Análise Económica

a. Orzamento

Orzamento sen IVE	IVE 21%	Total con IVE
49.586,78 €	10.413,22 €	60.000,00 €

b. Valor Estimado

O valor estimado do contrato ascende a 49.586,78 € debido a que non está suxeito a modificacións nin prórrogas.



6. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

Vistas as necesidades a satisfacer, a adxudicación levarase a cabo por procedemento aberto simplificado, dado que o valor estimado do contrato é inferior a 139.000,00 € (artigo 159.1 a) da LCSP) que posibilita a elección deste procedemento aberto máis áxil.

b. Cualificación do contrato

Segundo as normas de dereito administrativo ou de dereito privado que lles son de aplicación, e en función do obxecto, cualifícase o contrato como un Contrato de Servizos, segundo se recolle nos artigos 17 e 308 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

c. Análise de execución por lotes

Conforme ao establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, "Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos contratos de concesión de obras.

En todo caso, consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes, do obxecto do contrato, os seguintes:

- a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato conlevase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Ós efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación de dita circunstancia.
- b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ó implicar a necesidade de coordinar a execución de diferentes prestacións, cuestión que poderíase ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente."

Neste caso, xustifícase a non realización de lotes neste contrato pola causa recollida no parágrafo anterior, por tratarse dun servizo que precisa dunha coordinación cos técnicos municipais na súa execución e que non require de varias empresas para o seu desenvolvemento, dado que a contratación de varias empresas, ademais de dificultar o control da execución por parte do servizo técnico municipal, pois se multiplicaría o traballo e tempo necesario



para controlar o bo desenvolvemento dos traballos, o que non redundaría nun mellor servizo, sería prexudicial para a consecución do propio obxecto do contrato.

d. Duración

Os traballos executaranse nun prazo máximo de SEIS MESES, sen prexuízo das obrigacións contractuais que se adquiriran como consecuencia do compromiso de execución de melloras.

Cadro Resumo

TIPO DE CONTRATO	Contrato de servizos	SUBTIPO DE CONTRATO	Servizos de urbanismo		
OBXECTO DO CONTRATO	ESTUDO DO "PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS)" NO MUNICIPIO DE OLEIROS				
PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN	Procedemento aberto simplificado ordinario	TIPO DE TRAMITACIÓN	Ordinaria		
CÓDIGO CPV	90712100-2 - Planificación do desenvolvemento ambiental urbano 71400000-2 - Servizos de planificación urbana e de arquitectura paisaxística 71410000-5 - Servizos de urbanismo				
VALOR ESTIMADO	49.586,78 €				
ORZAMENTO BASE SEN IVE	49.586,78 €	IVE (21%)	10.413,22 €	ORZAMENTO BASE IVE INCL.	60.000,00 €
DURACIÓN DA EXECUCIÓN	SEIS MESES, sen prexuízo das obrigas contractuais que se adquiriran como consecuencia do compromiso de execución de melloras.	PRÓRROGAS	Non se establecen		
NECESIDADE A SATISFACER	Elaboración dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible co cal se pretende a mellora da mobilidade periférica, o incremento do uso do transporte público, a diminución do uso de vehículo de catro rodas privado para satisfacer necesidades persoais e para resolver a distancia entre núcleos de poboación, potenciar o uso da bicicleta e a mobilidade urbana peonil; favorecendo a protección do medio ambiente e impulsando o desenvolvemento económico e a inclusión social.				

